

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O 16 DE XULLO DE 2013.**

**ASISTENTES:**

**PRESIDENTE:**

Dona Paula Fernández Pena

**CONCELLEIROS:**

D. Manuel Cuíña Fernández (PSdeG-PSOE)  
Dª. María Dolores García Troitiño (PSdeG-PSOE)  
D. Klaus Brey Montaña (PSdeG-PSOE)  
Dª Margarita Campos Espiño (PSdeG-PSOE)  
D. Antonio Couso Álvarez (PSdeG-PSOE)  
Dª María Jesús Penela Mato (PP)  
D. José Antonio Ramos Dobarro (PP)  
D. José Luis Espiño Espantoso (PP)  
Dª Marta López Arines (PP)  
D. Luis Juan Arceo López (PP)  
D. Manuel Asorey Suárez (PP)  
D. Matías Rodríguez da Torre (Grupo mixto)

**INTERVENTORA XERAL**

Dona Isabel Pernas Sánchez

**SECRETARIO XERAL**

D. Francisco Javier Oubiña Lodeiro

No Salón de sesións da Casa Consistorial, sendo as dez horas e trinta e catro minutos, reúnense en primeira convocatoria os Concelleiros citados anteriormente, ao obxecto de celebrar a sesión extraordinaria do Pleno, asistidos de min, o secretario xeral do Concello quen certifica.

Comprobada pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declarase polo Sra. Alcaldesa-Presidenta aberta a sesión, con arranxo ao seguinte orde do día:

**ORDE DO DÍA**

**ÚNICO.- DAR CONTA DO ESCRITO DE PAULA FERNÁDEZ PENA  
RENUNCIANDO Á ALCALDÍA**

Consta no expediente o seguinte escrito de 12 de xullo de 2013 que dí o seguinte:

Paula Fernández Pena, DNI 76813151-M, Alcaldesa do Concello de Silleda, por medio do presente veño en:

Presentar de conformidade co disposto no artigo 40.4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, renuncia ao cargo de Alcaldesa.

Intervención da Sra. Alcaldesa:

"Recordo con claridade o día que tomei a decisión de ser candidata á alcaldía no 2007.

Estaba cansa de criticar que ninguén fixese nada por este pobo que se ía á deriva económica e polo tanto social. Cansa de discutir nos faladoiros de que algo había que facer e tomei a decisión, sabendo que, se non o facía ía quedar toda a vida pensando que pasaría se o tivera feito, tomei a decisión para poder seguir levantando a miña voz .

A partir de ahí, e a pesar de todos os problemas e noites sen durmir, descubrin que conseguira, sen sabelo, ter o mellor traballo do mundo.

O mellor traballo do mundo, si, porque me permitiu nestes anos facer o que mais pode encher emocionalmente a unha persoa, traballar para que a sociedade na que vives sexa unha sociedade mais igualitarla, activa, solidaria e libre.

Por iso, mais ala de ocupar unha cadeira ou outra, de ter mais ou menos responsabilidade, quero seguir facendo ese traballo.

Quero seguir traballando para que o meu esforzo axude a que os cidadáns sexan de Silleda ou de onde sexan se sintan orgullosos de pertencer a unha sociedade na que cren. E por iso, non pretendo que quen non queira comprender porque me vou o faga, nin pretendo que me perdoen os que aínda alegrándose sentiron tristura pola miña marcha.

Non o pretendo porque eu non sinto isto como unha marcha, síntoo como un paso mais, nunha vida, que quero vivir, traballando por outros.

Hoxe leía unha crítica, o meu modo de ver, desafortunada por pouco oportuna, na que se leía que deixo traballo por facer aquí, si, moito, por que este é un traballo que nunca se termina da igual o momento en que decidias apartarte porque sempre quedarán temas por resolver.

Pero non me preocupa, porque teño claro que este equipo, o meu equipo, os meus amigos, os meus compañeiros, continuarán traballando con tantas ou mais gañas que ata o momento por Silleda e rematarán todo o que a mi non me deu tempo.

Por iso, chamo a quen queira escouitar, a que dunha vez por todas se aparquen as envexas e a rabia e construamos unha corporación na que ninguén sobre, nin falte ninguén.

Póñome a disposición de cada un de vostedes para axudar a resolver todos e cantos asuntos consideren, e como non, sigo a disposición de todos e cada un dos silledenses esté onde esté."

Rematada a intervención e sen máis asuntos que tratar, a Sra. Presidenta da por rematada a sesión, cando son as dez horas e trinta e sete minutos, de todo o que eu como secretario dou fe.

Vº. e Prace  
A ALCALDESA

O SECRETARIO,  
